



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA CASA DA MUSICA

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Marta Valcarcel Gómez, na súa calidade de alcaldesa do Concello de Salvaterra de Miño, con P3605000C, en virtude do disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que nesta materia teñen os habitantes desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura. Pretende defender e promocionar os valores culturais



do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

Para isto desenvólvense mecanismos de promoción e difusión cultural que buscan, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra das nosas fronteiras e, paralelamente, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

O concello de Salvaterra de Miño pretende rehabilitar o edificio municipal para destinalo á Casa da Música. Trátase dun edificio levantado en 1925 para acoller a Sociedade Unión Progresista do Distrito de Bos Aires, fundada por Manuel Puente González. Anos despois inaugúrase na mesma localización a Casa do Pobo de Salvaterra de Miño, co propósito de dotar ao municipio dun emprazamento donde realizar conferencias, facer exposicións e instalar unha escola de artes e oficios donde formar aos veciños.

É polo tanto, un edificio cunha importante carga simbólica e que na actualidade presenta un grave deterioro, o que impide o uso das súas instalacións polo grave risco de derrumbe que presenta.

A pranta baixa conta cunha superficie de 266 m² ao igual que a planta superior; trátase polo tanto dun espacio considerable que é preciso adaptar para o novo uso que se pretende como centro de formación en ensinanzas musicais.

O edificio polo tanto precisa dunha reforma integral e no proxecto que se presenta pretendese ubicar na planta baixa a zona de administración e unha sala polivalente para ensaios colectivos e función. Na planta alta propónse a instalación de aulas para impartir formación teórica e práctica. Ao engadir un novo núcleo ao edificio permítese a instalación dos ascensores e os baños.

A superficie da parte traseira do edificio será acondicionada como espacio de descanso e esparcemento para os usuarios da escola.

No Concello de Salvaterra de Miño, existe unha gran tradición musical, proba diso son os numerosos grupos e agrupacións tanto folclóricas como de música clásica, que xunto coa Banda de





Música de Salvaterra, implican a centos de veciños e veciñas, sobre todo en idade escolar, na aprendizaxe da música.

Na actualidade o Concello carece dun emprazamento axeitado para que se poda impartir formación nas mellores condicións, polo que a rehabilitación deste edificio para a creación da Casa de Música, suporía dotar dun servizo á poboación moi demandado e de gran interese social.

Deste xeito, o edificio da antiga Casa do Pobo, recuperará a súa utilidade orixinal coa reforma que se pretende facer e pasará a ser un eixo fundamental da vida formativa dos veciños e veciñas de Salvaterra.

Con estes convenios asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, os espazos necesarios para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos .

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Salvaterra de Miño para a rehabilitación do edificio municipal para destinalo á Casa da Música.

O orzamento total da actuación é de 319.951,70 €. O Concello xa executou unha pequena parte das obras por conta propia e o que queda pendente de executar ascende a 318.182,65 €.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece á rehabilitación do edificio municipal para destinalo á Casa da Música, que permita ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ao uso das fontes de coñecemento e da cultura.





Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade da actividade a realizar baseada en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Por todo o anterior é o Concello de Salvaterra de Miño o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello de Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O Concello deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O Concello ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.





O Concello deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

O Concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aboar ao Concello de Salvaterra de Miño a cantidade de 200.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.760.0 (código de proxecto 2015 00370) e con cargo aos orzamentos de 2021.

Esta cantidade, 200.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.



No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (319.951,70 €) , a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que non poderá superar o 80% do importe subvencionado. O pagamento restante, pagarase no momento da completa xustificación polo Concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas . A data





tope de presentación da documentación xustificativa da actuación e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida será o 30 de novembro de 2021

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O Concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe; ou, se é o caso, declaración de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.





En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2021 e ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

De acordo co disposto no artigo 30.2 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións obxecto do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da súa realización por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia.

No caso de que o Concello non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e pola alcaldesa do Concello de Salvaterra de Miño.





SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorran algunhas das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas



medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

A alcaldesa do Concello de Salvaterra
de Miño

Román Rodríguez González

Marta Valcarcel Gómez

